



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN
EN DATA 10 DE SETEMBRO DE 2025**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL
JESUS ROMERO CARRACELAS
ISMAEL DURAN BEREIJO
LUCIA PICOS ANEIROS
XULIO CRIBEIRO GARCIA
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ
OLGA IGLESIAS BEREIJO
HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA
MARIA JOSE PERNAS DIAZ
NOEL LOPEZ LOPEZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ
Mª DIANA CENDAN RODRIGUEZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:02 horas do 10 de setembro de 2025, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

1. TOMA DE POSESIÓN NO CARGO DE CONCELLEIRA DE DONA MARIA DIANA CENDÁN RODRÍGUEZ

Pola Secretaria infórmase que tendo en conta a vacante no cargo de concelleiro ocasionada pola renuncia de Don Xosé Antón Arribe Rodríguez, e a renuncia anticipada de Dona María José Rodríguez Pérez, Don Martín Lopes Lourido, Dona Cristina Prieto Lago e Don Fernando Iglesias Bouza, debe tomar posesión a nova concelleira designada pola Xunta Electoral Central, Dona María Diana Cendán Rodríguez.

A nova concelleira, á vista da credencial de concelleira expedida pola Xunta Electoral Central, acreditada a súa personalidade, e presentadas na Secretaría municipal as preceptivas declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, e de bens patrimoniais e de participación en sociedades, debe proceder a prestar xuramento ou promesa na forma establecida polo Real Decreto 707/1979, do 5 de abril.”



Pola Presidencia procédese a chamar á concelleira designada, Dona María Diana Cendán Rodríguez:

“Rogo a Dona María Diana Cendán Rodríguez se achegue á Mesa Presidencial ao obxecto de prestar xuramento ou promesa.”

Dona María Diana Cendán Rodríguez achégase ao atril onde está a Constitución e procede a prestar xuramento ou promesa na forma establecida polo Real Decreto 707/1979, do 5 de abril.

Pola Presidencia formúlase a pregunta:

“¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?”

Dona María Diana Cendán Rodríguez contesta:

“Eu prometo”.

A continuación o Sr. Alcalde dálle posesión do cargo de Concelleira, e di: Dende o Grupo de goberno, darche a noraboa, parabéns, e toda a forza nesta... non é unha aventura, senón un modelo de vida que elixiches que é axudar ao teu pobo, á túa veciñanza, a intentar que cada día pois Cedeira creza un pouquiño máis. E desexarche toda a sorte que aquí nos vas ter a todos, tamén á oposición e máis ao Grupo de goberno, así como ós funcionarios e traballadores do Concello, e a toda a poboación. E nada, darche moitos ánimos, nos momentos felices vas a ser moi feliz, e nos momentos un pouquiño máis difíciles, pois terás o agarimo de todos para sacar isto adiante. Pero bueno, de parte de todos, noraboa porque hoxe en día, creo que é unha valentía moi grande pois acceder a un cargo público e, neste caso, como vas a facer agora, así que moitísimas grazas e moitísima sorte.

A Sra. Cendán Rodríguez di: Grazas. Eu quería...bueno, dicir unhas palabras soamente. Ante todo boa tarde, e quero dicir que é unha honra para min coller o testigo desta Concellería da man dun bo e xeneroso, como Jose de Vigo, ou Jose de Cedeira, ou Jose de onde lle pete, porque Jose, a xente coma Jose, enraízan en tódalas persoas que o coñecen e en todos os lugares por onde pasan. Jose tivo a iniciativa e botou a andar varios proxectos por e para Cedeira, como o que se vai votar hoxe neste Pleno, que é a ampliación da piscina municipal. Foron dous anos intensos para el como Concelleiro, en canto a traballo, en canto a ilusión, polo que tentarei estar á altura, e bueno, vou poñer todo o meu empeño e, sobre todo, todo o meu corazón e traballar pola nosa Vila. Voume tomar a licenza de adaptar un pouco a frase de Castelao, para rematar dicindo que somos cedeiresas e cedeireses, non por nacer en Cedeira, senón porque Cedeira nace en nós. Grazas.

O Sr. Alcalde di, dirixíndose ao Sr. Cribreiro García: Non sei se queres dedicar unhas palabras.

O Sr. Cribreiro García di: Si, quería dar a noraboa a Diana pola nova etapa que vai a tomar, en beneficio dos cedeireses e en nome de todo o grupo Popular, lle desexamos os maiores éxitos.

A Sra. Cendán Rodríguez di: Grazas.

2. APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DENOMINADO “AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL.EXPTE.: 2025/C003/000007



Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 5 de setembro de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 02.09.2025, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DENOMINADO “AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Expte.: 2025/C003/000007

Este concello desexa levar a cabo a obra denominada “AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL”, e para o seu financiamento necesita solicitar unha subvención nominativa á Excm. Deputación Provincial.

O motivo deste investimento é que a edificación actual presenta deficiencias significativas na súa envolvente exterior e carece do illamento térmico capaz de dotar do confort necesario ás estancias en que se desenvolven as actividades e usos antes descritos. Por outra parte, as dimensións actuais do vaso da piscina son reducidas e non responden ás necesidades dos usuarios e usuarias da instalación, tanto para o seu uso como espazo para o lecer como para o posible uso como instalación de adestramento para os clubs deportivos da vila de Cedeira.

Por isto, propono ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Ampliación e reforma da piscina municipal” redactado polo arquitecto D. Antonio Iván Rivas Rico (colexiado núm. 3117 do COAG) e asinado o 01.07.2025, polo importe total de 588.790,08 € (IVE incluído).

2.- Solicitar a inclusión do investimento denominado “Ampliación e reforma da piscina municipal” nunha subvención nominativa da Excm. Deputación Provincial, co seguinte desglose económico:

Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL	300.000,00	288.790,08	588.790,08 €
TOTAL	300.000,00	288.790,08	588.790,08 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución do investimento citado no apartado 1.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2025 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal do investimento citado no apartado 1.



5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento citado no apartado 1.

7.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente ao Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil, con DNI _____ para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSDG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Eu vou retomar o turno de intervencións que fixemos no anterior Pleno sobre a piscina. Nós xa dixemos que dende o inicio da da presentación da nosa candidatura, tivemos clara a prioridade da construción dunha nova piscina de 25 metros, tal e como aparecía no noso programa electoral, na ubicación da actual pista de tenis. Decía que é patente o nivel de éxito dos clubs de natación de Cedeira, con deportistas acreditados de primeiro nivel galego e alto nivel do Consello Superior de Deportes, deportistas internacionais coa selección española, e deportistas clasificados para o campionato do mundo de acuatlón e duatlón, e o grado de uso por parte dos veciños de Cedeira coa piscina actual. Decía, nese Pleno, que o PSOE e o BNG de Cedeira levan anos, anos, dando tumbos e Cedeira non conta cunha piscina adecuada. E a culpa é moi sinxela, dicía que a culpa é de todos vostedes. Había unhas declaracións incluso de algún membro do Goberno que dicía: non queremos a piscina máis grande. Repito, non queremos a piscina máis grande, as cousas pequenas que funcionen, tamén valen. Nós non estabamos de acordo, nin estamos de acordo con esas manifestacións. Diciamos por que son necesarias as gradás da nova piscina? Porque poderían celebrarse durante case todo o ano unha ou dúas competicións mensuais con participación de 200 nadadores. Que suporía isto? Isto suporía que ademais dos nadadores tamén contaríamos coa presenza de preto de 400 familiares que farían noite en Cedeira, consumirían no comercio local, comerían nos bares e restaurantes, e deixarían os seus diñeiros en Cedeira. Isto suporía un forte crecemento a nivel económico para Cedeira, sobre todo, en temporada baixa, ademais do fomento de dinamización de actividades deportivas. Nosoutros facíámoslles unha suxestión para que se o consideran oportuno e as tiveran en consideración, que parece ser que non, non é o caso, que teñan en consideración as nosas propostas, que non son máis que polo ben de Cedeira. É máis, poden facer unha consulta veciñal e pregunten se os veciños queren a nova piscina con gradás ou sen gradás. Diciamos que democratizemos o proceso e teñamos en conta a opinión dos cidadáns. E todo isto para que? Para que os familiares, tanto de Cedeira que desexen ver aos seus fillos, coma aqueles que veñan de fóra, poidan dispoñer de gradás e poidan desfrutar dun espazo así. Hai numerosos concellos de Galicia que seguiron eses pasos, dicíamos sen ir máis lonxe, o concello de Cariño. Pedíamos nese momento que fixeran unha reflexión e retiren ese punto do orde do día, e en vez de queixarse e chorar permanentemente, que traballasen para que os veciños de Cedeira teñan unha piscina digna para uso e disfrute dos cedeireses e sexa unha piscina de primeira categoría e non de terceira.

Sabíamos, señor Moreda, do seu afán destrutor da obras feitas en Cedeira. O pavillón polideportivo e a piscina foi feito hai máis de 30 anos polo señor Leopoldo. Vostede, unha vez máis, destrúe unha cousa feita.



Queríamos que nos explicara por que na páxina 327 deste proxecto se di en canto á clasificación do contratista: non é indispensable que o empresario se atope debidamente clasificado, posto que o valor estimado das obras deste proxecto é inferior a 500.000€. Repito, di: non é indispensable que o empresario se atope debidamente clasificado, posto que o valor estimado das obras deste proxecto é inferior a 500.000 €. Esta é unha afirmación que está firmada por Iván Rivas, arquitecto número colexiado 3117, sen embargo na páxina 387 do proxecto, co encabezamento “Resumo do orzamento”, di, textualmente: ascende, o orzamento de execución por contrata, con IVE, á expresada cantidade de 588.790,08 €. Cal é o valor da obra, se nunha páxina di que é inferior a 500.000€ e noutra acércase aos 600.000€? Queríamos que nos aclarase, por parte de Secretaría e Intervención, como se pode aprobar dito texto con dous presupostos, en teoría, distintos? Queríamos tamén que explicara por que na páxina 362 permite que o proxecto, un proxecto de 580.000€ represente alteracións fundamentais do mesmo, a xuízo do director de obra, do director de obra, non do Arquitecto do Concello nin de ninguén que sexa representado polo Concello. E a variación do orzamento material represente unha desviación maior do 20%, o 20% do valor de execución material que é 408.910 € son 81.782,08 €. Esta modificación, a maiores, admíteselle xa, antes de iniciar a obra, ó director de obra. E saíra esta modificación, repito, a criterio único e exclusivo do director de obra do proxecto, que sería definitivamente, sumando os 580.790,08 máis estes 81.782,08 €, sumaría a obra 670.572,16 €.

E queríamoslle facer tamén outra pregunta: cal é o importe do proxecto de ampliación e reforma da piscina municipal firmado polo señor arquitecto? Canto son os seus honorarios? En principio, nada máis.

O Sr. Alcalde di: María? Grazas, Xulio.

A Sra. Pernas Díaz di: Eu quería facerlle unha pregunta: de ter en conta esa proposta de facer unha piscina nova na pista onde está agora o campo de tenis, que faríamos con esta existente?

O Sr. Cribreiro García di: Mantela.

A Sra. Pernas Díaz di: Voulle contar algo que ao mellor non son conscientes. Esta piscina, co tamaño que ten, que sería... non a metade pero case, da que vai a ser agora, só en pellets, gasta 10.000 kg ao mes. Máis o cloro, máis o mantemento de caldeiras, de equipamento de cloración, máis un baleirado ao ano, co custe que iso conleva, máis volver a selar o gresite porque se corroe durante todo o ano... Estanse metendo 8.000 litros de auga diarios porque esta piscina non ten vaso de compensación, 8.000 litros de auga diarios. Esta piscina ten un custe aproximado de 100.000 euros ó ano. O que se estima que tería a outra, porque iría con mellores illamentos e mellores... son sobre 180, 190.000 € ao ano. Se sumamos as dúas teríamos 289, 290.000 € ao ano de mantemento de piscina, nun concello de 6.000 habitantes, cun orzamento de 6.700.000 €. Eu creo que non hai que ser moi listo para saber que iso non é viable. Non é viable, non se pode manter dúas piscinas nun concello coma este, aínda que fose regalada, aínda que a Xunta nos dise, ou a Deputación ou o Estado español, nos dise o 100% do que costa a piscina, sería imposible manter dúas piscinas. Agora teña vostede isto en conta tamén.

O Sr. Cribreiro García di: Nós non somos os que estamos gobernando, son vostedes. Vostedes son os que teñen que facer os números. Deixen de gastar en cousas totalmente innecesarias, e atéñanse a un proxecto que cremos nosoutros que é beneficioso para todos os cedeireses, de todas as idades.

O Sr. Alcalde di: Vale, bueno... Primeiro vou a falar un pouquiño do que non se falou ata agora, porque bueno, supoño que todos ollaríamos un pouquiño o proxecto, bueno, pero para que quede constancia en acta, un pouco do que é a descrición do propio. Despois contestaremos ás preguntas que se fixeron. Digamos que unha descrición xeral que podemos ter do edificio é a seguinte: as actuacións propostas consisten por unha parte, mellorar a eficiencia enerxética do edificio actuando sobre a súa envolvente



para mellorar o seu illamento térmico e reducir as pontes térmicas actuais, e por outra parte, ampliar as dimensións do vaso da piscina co obxecto de adaptar as necesidades dos usuarios e as usuarias. Proponse a renovación do sistema de depuración da auga, da renovación do aire da instalación co obxecto de incrementar a súa eficiencia, reducir o consumo, mellorar o confort dos usuarios e usuarias. Dende o punto de vista técnico, os puntos principais nos que se pode resumir son os seguintes: fachadas e cerramentos, como dixeran antes, o vaso da piscina, este vaso procederá a executarse cunha lousa de cementación e muros perimetrais de formigón armado para definir o novo vaso da piscina.

Para garantir que sexa estanco, esta piscina tense que proceder a enfoscala da mesma maneira cun morteiro e aditivos hidrófugos, exentos de cloruros, dun centímetro e medio de espesor mastrado para absorber as irregularidades que ten o morteiro.

Despois vanse imprimir cunha lechada adherente que se deixará secar para despois aplicar outra imprimación, mentres se coloca o revestimento de baldosas porcelánico. O vaso da piscina revestido con plaqueta vítrea de primeira calidade con baldosas de gres de 25x25.

O fondo terá unha superficie antideslizante, os cambios bruscos de pendente serán suaves e estarán debidamente sinalizados. Tamén se marcarán no interior e no exterior do vaso cando a profundidade do vaso supere o 1,40.

En canto ás instalacións, abordarase coa actuación a reforma do sistema de climatización e ventilación, así como a instalación dun novo sistema de depuración.

Ampliaranse as dimensións do vaso: ampliáanse as dimensións actuais do vaso da piscina incorporando una nova rúa e ata acadar os 25 metros de lonxitude e 11,6 de ancho. Con este fin, proponse a redución do espazo destinado á zona de praia incorporándose 130 metros de superficie a partir da fachada leste da edificación.

Melloramos a eficiencia enerxética da envolvente térmica da cuberta, melloramos a eficiencia enerxética da envolvente térmica da fachada, e incorporamos un espazo exterior axardinado, e substituímos as instalacións actuais da edificación.

Bueno, isto é un pequeniño resume. Eu concordo un pouquiño co que di María, que ogallá tivéssemos a posibilidade de ter unha piscina de 25 metros, con oito rúas, con gradas e con todo e fóssemos capaz de mantela, non? Pero creo que este Goberno, dende o ano 2015, xa o dixeran moitas veces, este é un goberno galeguista progresista, inverteu moitísimo en Deporte, sobre todo no fomento do deporte, das actividades deportivas en Cedeira, non? Xa solo en subvencións a entidades culturais e deportivas - para que vos fagades unha idea- estamos pasando do ano 2014, o último goberno do Partido Popular, sobre 40.000, entre 40 e 45.000 €, estamos agora mesmo en 313.000 €.

En canto a melloras, que se fixeron mentres estamos gobernando? Pois as melloras son: tres pistas de pádel, dúas das cales están cubertas, cambiouse o chan do campo de fútbol, que costou 237.000 €, cambiouse o chan do Polideportivo que andou sobre os 160.000 €, fíxose un vestiario feminino para os equipos de fútbol do Cedeira e máis das Discalzas, que costou sobre 60.000 €, houbo unha ampliación do ximnasio, sobre 80.000 €. E estamos agora con este proxecto da ampliación da piscina, e incluso temos solicitado un CADE, que é como un pequeno centro de auto rendemento que ronda os 688.000 €. Creo que está bastante máis que claro que este Grupo de goberno o que sigue é apostando polo Deporte en Cedeira. Se nos movemos a por que Cedeira non ten unha piscina? Pois habería que preguntarlle ós anteriores gobernantes por que non temos unha piscina de 25 metros, non? E vostede ben dixo que o Polideportivo e máis a piscina, que fixo o señor Leopoldo Rubido... pero bueno, cando Cariño e Ortigueira conseguiron da Deputación da Coruña, con un presidente da Deputación da Coruña do Partido Popular, e con un presidente da Xunta do Partido Popular, foron capaces de conseguir unha piscina de 25 metros, e o Concello de Cedeira pois quedouse sen ela. Lamentablemente, pois mira, nosoutros temos -como vostede tamén dixo- unha capacidade enorme en canto a un club que traballa moitísimo a formación das nosas crianzas, así como todas aquelas actividades deportivas que fomentamos a través da Concellería de Deportes e que se están facendo no Polideportivo, que multiplican igual por 5 ou por 6 a cantidade de usuarios que ten o propio club, non? Pero nisto se basa



pois facer este proxecto, de aumentar esta piscina a 25 metros cunha rúa máis, de que eles teñan a capacidade de adestrar e poder competir en igualdade de condicións que outros clubs.

Si que é verdade que no 2006 -mira a onde nos remontamos- se quixo traer aquí, facer unha piscina de 25 metros, o grupo Popular. Iso é verdade. Esa piscina, ao final, non se puido executar por demoras na execución das obras e por falta de estudo xeotécnico, modificación de contrato e todo o que está nos Arquivos municipais que estivemos revisando estes días. Esa piscina que ía facer o Grupo Popular, que ía aumentar a piscina, era unha piscina que se ía a facer de 25 metros, pero non de 8 rúas con gradás, que son as que se permite competir, era de 6 rúas, 25 metros e 6 rúas. Houbo un cambio de Goberno e entrou un novo goberno, non se cumpriron os prazos, se pediu o Consello Consultivo da Xunta de Galicia si se podía rescindir o contrato, houbo os informes favorables de que se rescindira o contrato, rescindiuse o contrato, e o que se fixo foi facer unhas obras de mellora na cuberta, que era unha cuberta de estrutura metálica que todos recordades, e se fixo a actual estrutura que ten a propia piscina cunha remodelación dos vestiarios.

Entón, bueno, é verdade que no ano 2011 volve a entrar o Grupo Popular neste Concello a gobernar, pero entre o ano 2011 e 2015, coa Deputación da Coruña, sendo presidente dela Diego Calvo, e presidente da Xunta o señor Feijóo, non se fixo ningún trámite para que Cedeira teña unha piscina de 25 metros. Iso é unha realidade que está aí. Vostede ten ao lado un compañeiro que foi, naquel momento, Concelleiro de Deportes e neste Concello pois non temos nada que diga que entre o ano 2011 e 2015 se intentou conseguir unha piscina de 25 metros. Como dixen antes, se tivéssemos esa capacidade económica de ter unha piscina, de xa non só do mantemento, senón dunha piscina de 25 metros, que ronda os 3 millóns de euros, no seu momento. Antes de tomar esta decisión de vir por esta vía, pois tamén nosoutros estivemos falando e incluso lle pedimos unha xuntanza ao Conselleiro de Deportes, Vicepresidente da Xunta de Galicia e tamén ó Presidente da Deputación da Coruña, para ver se se podía cofinanciar entre tres partes, porque o Concello de Cedeira é imposible que poida meterse a unha piscina de tanto diñeiro. Sorte que tivemos é que a Deputación da Coruña, pois a verdade é que a través deste convenio nos da unha axuda moi importante, e tamén temos que ter en conta e consideración que nos últimos 10, 15, 10 anos polo menos, que estamos aquí no Concello, a Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia e iso, non fixo ningunha piscina pública que pagara ao 100% con ninguén. Incluso me atrevo a dicir que poucas fixo a Deputación da Coruña, poucos convenios, para ter unha piscina como a que temos agora. Así que, bueno, esa é a primeira parte.

En canto ó proxecto, vostede me preguntaba, que o teño por aquí, cal é o orzamento, eh... Moitas veces nun presuposto de 500 follas, tanto arquitectos como enxeñeiros, xente que me estea oíndo, xente enxeñeira que está aquí, sabe perfectamente que moitas veces hai erros. Se sobrecopian cousas, se poñen, se escribe por riba unhas doutras, e aparecen moitas erratas, non? O orzamento que ten a piscina do Concello, neste caso, a solicitude da subvención á Deputación da Coruña é de 588.790,08 como ven na páxina, como vostede ben dixo, creo que dixo na 367. Ese é o orzamento. No caso, onde vostede dicía que aparecía o de menos de 500.000, pois consultaremos co técnico que supoñemos que será unha errata que veña no proxecto.

Nada máis? Procedemos entón á votación.

O Sr. Cribreiro García di: Non se pode...?

O Sr. Alcalde di: A ver, xa leva dous turnos, pero bueno, non teño ningún problema en que poida...

O Sr. Cribreiro García di: Si, tamén o que queríamos saber é si, xa que vai haber un aumento de, vai ser máis grande a piscina, imaxinamos que haberá un maior número de usuarios. Os vestiarios onde van a estar situados? E cantos metros de praia quedan, na actualidade con este novo proxecto?

E outra; agora que vostede acaba de falar dunha determinada persoa, preguntarlle, cal sería a súa opinión cando nos próximos días se lle comunique ao Concello de Cedeira que por parte da Xunta se



Ile conceden 344.899,75 € para o Centro de Alto Rendemento en Cedeira? Que opinión terá do señor Diego Calvo tras esa concesión?

O Sr. Alcalde di: Mire, á súa primeira pregunta, eu non poido facer o seu traballo, sabe. A vostede entregóuselle un proxecto, o cal ten que revisar. Nese proxecto aparecen todas as características que ten a propia piscina, co seu vaso, coas súas liñas, coas súas dimensións e todo iso. Entón o que ten que facer vostede é coller o proxecto, colla todo e xa ve aí perfectamente as obras e a descrición de todo o que se vai facer.

O Sr. Cribeiro García di: Onde está?

O Sr. Alcalde di: Está todo aí nese proxecto. En canto á miña opinión de Diego Calvo? Pois a verdade é que a nivel persoal, pois teño boa relación con el, e no nivel profesional, pois como Alcalde solicitei unha cita, que no seu momento non ma deu. Mantivemos conversas diversas sobre ese proxecto que vostede acaba de dicir. Me parece un pouco increíble que oficialmente o Concello de Cedeira non o sabe e que o saiba vostede. Me parece un pouco raro.

O Sr. Cribeiro García di: Eu non dixen que o soubese.

O Sr. Alcalde di: Bueno, é igual. Ogallá se materialice esa subvención, que vai ser moi boa para Cedeira, e creo que si se consegue iso para Cedeira, Cedeira terá unhas instalacións, pois moi boas tanto para todos os clubs. E creo que, agora mesmo, estarían máis que cubertas moitísimas das necesidades, e así que estaríamos súper orgullosos de que Cedeira seguira sendo, pois eu creo que unha capital do deporte, sobre todo, en canto falamos sempre, en canto a número de habitantes que temos, esa porcentaxe de deportistas e xente que practica deporte na nosa Vila. Nada máis. Votamos.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MODALIDADE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. MC 17 2025 SC 01 2025

Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 4 de setembro de 2025, que di:

“Expediente: 2025/G006/000148

Asunto: Modificación de crédito modalidade suplemento de crédito financiado con Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais. MC 17 2025 SC 01 2025.

PROPOSTA DE ALCALDÍA



De conformidade co disposto nos artigos 35 a 38 do RD 500/90, de 20 de abril, e no 177 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, son suplementos de crédito aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para realizar un gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte e para o que existe crédito pero é insuficiente e non pode ampliarse. A antedita modificación pódese financiar, entre outros recursos, con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2024, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 119/2025, do 13 de marzo de 2025, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de 736.642,31 euros.

Vista a Memoria de Alcaldía, de data de 03.09.2025, na que queda xustificado a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte e para os existe crédito pero é insuficiente e non pode ampliarse.

Visto que con data de 03.09.2025 emitíuse Informe favorable de control permanente previo relativo á modificación orzamentaria MC 17 2025 SC 01 2025, modalidade suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que con data de 03.09.2025 emitíuse Informe relativo á avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no que se sinala: “(...) *Dos resumos anteriores despréndese que a modificación de créditos que se expón xenera inestabilidade poñendo en risco o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

(...)

O incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit levará a elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 19 e seguintes do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais.

Non obstante, o paragrafo segundo do artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, dispón que “Exceptúase do disposto no parágrafo anterior (elaboración do Plan Económico-financeiro) as modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesouraría para gastos xerais, as cales non precisarán de elaboración de Plan económico financeiro ata a liquidación do orzamento, se é o caso”. Caso no que nos atopamos, polo tanto, non é necesario a elaboración dun Plan Económico-financeiro”.

Esta Alcaldía, no uso das competencias atribuídas na lexislación vixente, **PROPÓN** ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Plenos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 17 2025 SC 01 2025, na modalidade de suplemento de crédito, con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte desglose:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)	DESCRCIÓN
341.62200	Protección e fomento do deporte. Inversión nova en edificios	178.790,08	Achega municipal proxecto “Ampliación e reforma da



		piscina municipal”
TOTAL		178790,08

O financiamento da modificación realizarase da seguinte maneira:

CONCEPTO/SUBCONCEPTO	TIPO DE FINANCIAMENTO	IMPORTE (EN €)
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	178.790,08
TOTAL INGRESOS		178.790,08

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días hábiles, durante os cales as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribreiro García di: Nada, vou a retomar, como é o mesmo tema da piscina, a pregunta que lle fixen de canto era o importe dos honorarios do arquitecto redactor do proxecto?

O Sr. Alcalde di: María, tes algunha intervención?

Pois facilitaráselle no seguinte Pleno, porque non teño aquí agora mesmo a cantidade que lle poida dicir. Bueno, pois este punto é a modificación de crédito que se ten que facer para que aprobe o Concello a parte económica que ten que, digamos, que convenir coa Deputación da Coruña, non? Non son os 178.790,08 solo que ven aí, senón que son outros 110.000 máis que xa aprobamos nunha modificación de crédito anterior, os cales xa suman os 288.390,08 que é realmente a parte que ten que poñer o Concello e 300.000 da parte que ten que poñer a Deputación da Coruña.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR a proposición de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 20:35 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ